



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2024.00664

**RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA A CONTRATACIÓN DO EVENTO
“PARÉNTESE: LETRAS E SONS” NO TEATRO COLÓN DA CORUÑA, NO MARCO DO
CICLO *MÚSICAS POSÍBEIS* DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. EXPEDIENTE
PCO.001.2024.00664.**

Don **VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña:

Mediante Resolución da Presidencia número 43537 de data 25 de outubro de 2024 aprobáronse os Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e de Prescricións Técnicas para a CONTRATACIÓN DO EVENTO “PARÉNTESE: LETRAS E SONS” NO TEATRO COLÓN DA CORUÑA, no marco do ciclo *Músicas Posíbeis* da Deputación da Coruña, cun orzamento de 28.471,30 € IVE engadido, e dispúxose que o referido contrato se adxudicase mediante procedemento negociado sen publicidade, por apreciar que concorren as circunstancias previstas no artigo 168.a) 2º da Lei 9/2017, de contratos do Sector Público.

O 28 de outubro de 2024 remitiuse a carta de invitación á empresa RECADOS CARMEN, SOCIEDADE LIMITADA que, dentro do prazo outorgado para a presentación de proposicións, presentou a documentación establecida nos pregos e ofertou un prezo de 28.471,30 € IVE engadido.

Con data 29 de outubro de 2024 remitiuse á empresa RECADOS CARMEN, SOCIEDADE LIMITADA a invitación para mellorar a oferta, de conformidade co establecido no artigo 170.2 da Lei 9/2017 e na cláusula 13.3 do prego de cláusulas administrativas particulares.

A empresa mellorou a oferta inicial ofertando un prezo total para o evento artístico de 27.866,30 euros.

A Unidade Xestora informa ao respecto o seguinte:

Logo de ver a oferta final presentada pola empresa Recados Carmen, S.L., para participar na licitación da contratación da proposta artística “Paréntese: Letras e sons”, o día 2 de novembro no marco do ciclo Músicas Posíbeis no Teatro Colón da Coruña, infórmase da conformidade de esta Unidade por presentar unha mellora económica de 605,00 € sobre o prezo do contrato.

Consta no expediente a documentación establecida no prego de cláusulas administrativas particulares e a empresa acreditou estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e autoriza a descontar a garantía definitiva por importe de 1.151,50 € (5% do prezo, excluído o IVE) da factura pola que se lle aboe o prezo do

contrato, polo que non é preciso efectuar o requirimento previsto no artigo 150.2 da Lei 9/2017.

Polo exposto, vista a oferta formulada pola empresa e considerando que inclúe todas as prestacións que forman parte do obxecto do contrato e que se axusta ao presuposto de licitación autorizado,

RESOLVO:

1. Adxudicar a CONTRATACIÓN DO EVENTO “*PARÉNTESE: LETRAS E SONS*” NO TEATRO COLÓN DA CORUÑA, NO MARCO DO CICLO *MÚSICAS POSÍBEIS* DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA. EXPEDIENTE PCO.001.2024.00664 mediante procedemento negociado sen publicidade, por apreciar que concorren as circunstancias previstas no artigo 168.a) 2º da Lei de Contratos do Sector Público, á empresa RECADOS CARMEN SOCIEDADE LIMITADA con Número de Identificación Fiscal B10555019 e domicilio en Avenida de Vigo número 2; 36003 Pontevedra, nas seguintes condicións:

1.1. Información do contrato:

Tipo de contrato: Servizos.

Procedemento: Negociado sen publicidade.

1.2. Prazo e lugar de execución: O evento terá lugar no Teatro Colón da Coruña o día 2 de novembro de 2024.

1.3. Prezo: 27.866,30 € IVE engadido.

Coa seguinte desagregación:

Concepto	Importe sen IVE	IVE	Total IVE engadido €
Persoal	2.160,00	453,60	2.613,60
Escenografía	4.570,00	959,70	5.529,70
Cachés	10.800,00	2.268,00	13.068,00
Comunicación	5.500,00	1.155,00	6.655,00
Subtotales	23.030,00	4.836,30	27.866,30
Base imponible			23.030,00
IVE 21%			4.836,30
TOTAL			27.866,30

A empresa mellorou a oferta inicial ofertando un prezo total para o evento artístico de 27.866,30 euros.

1.4. Financiamento: O contrato poderá financiarse con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/22609, documento contable RC con número de operación: 220240047775.

Prodúcese unha economía na execución do contrato de 605,00 euros que deberá ser tida en conta a efectos contables.

Os dereitos de autor, polo importe que corresponda, serán aboados pola Deputación con cargo á partida 0612/3343/22609 do Orzamento vixente.

1.5. Seguros: A Deputación cubrirá o seguro de responsabilidade civil, de bens e de persoas, en relación co espectáculo contratado, de acordo co disposto na Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia.

1.6. Prezo das entradas: As entradas serán de balde.

2. Requirir o adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinale, dirixíndose previamente á Tesourería Provincial para realizar o pago das taxas por formalización de contratos administrativos, advertíndolle de que si non cumprise os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiranse os trámites e efectos previstos no artigo 153.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Excelentísima Deputación provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde ou día seguinte ao da notificación do presente acordo. Non seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución. Non obstante, se o considerase conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente.